

## Resumo anual da actividade de 2020 da Xunta de Goberno do

### Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia

*Neste documento queremos recoller a actividade a destacar que desenvolveu a Xunta de Goberno do COPG ao longo deste ano e que fomos adiantando nos distintos soportes de comunicación do COPG.*

*Cómpre sinalar que boa parte deste traballo institucional se fai en estreita colaboración coas Comisións de Ética e Deontoloxía e de Defensa da Profesión e a Prevención do Intrusismo, as seccións de Psicoloxía Educativa, Psicoloxía e Saúde, Psicoloxía Xurídica, Psicoloxía da Intervención Social e Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias, o Grupo de Tráfico e da Seguridade, as Comisións Intersectoriais de Xénero, Mediación e Deporte. Trátase dun avance de toda a información que se recollerá puntualmente na Memoria Anual de 2020 do COPG.*

#### 1. Xestións derivadas da pandemia da COVID-19

Como é evidente, a xestión do COPG este 2020 estivo marcada pola emerxencia sanitaria da COVID-19, que permeou en todos os aspectos das nosas vidas.

A primeiros de marzo, a medida que tiñamos máis información deste novo coronavirus e das primeiras restricións, tivemos que ir adoptando medidas: suspendéronse as actividades presenciais, aprazáronse as actividades formativas, pechouse a sede colexial mantendo a actividade a través de teletraballo, e realizouse un plan de continxencia ao efecto, por parte da asesoría xurídica e a empresa de prevención de riscos laborais.

Desde o inicio do Estado de Alarma, tentouse proporcionar a información sobre a normativa referente ao exercicio profesional coa maior rapidez posible, así como volantes

e modelos para permitir os desprazamentos, tanto durante o confinamento como nos peches perimetrais que se foron decretando desde entón.

A información relativa ao labor desenvolvido desde o COPG podes consultala polo miúdo na Circular especial que publicamos en outubro, (inclúe o dispositivo de atención psicolóxica atendido polo Grupo de Intervención Psicolóxica e Emerxencias - GIPCE do COPG a través do 112; o labor do Grupo COVID-19, as actuacións tanto da Xunta de Goberno como das Seccións, Comisións e Grupos, etc.):  
<https://copgalicia.gal/arquivo/publicacions-do-copg/circular>

Actualmente, todas as xuntanzas da Xunta de Goberno, seccións, comisións e grupos, continúanse celebrando exclusivamente de forma online, ao igual que todo o programa formativo.

A emerxencia sanitaria supuxo unha rápida adaptación do programa formativo ao contorno dixital, cun grande esforzo conxunto por parte do COPG, da Vogalía de Formación, das Seccións, Comisións, Grupos e Programas que promoven as actividades, así como do equipo administrativo do Colexio, para crear unha aula virtual cunha oferta ampla na que dar cabida ás posibilidades que ofrece este soporte. No último trimestre de 2020 celebráronse un total de 17 actividades formativas en liña nas que se inscribiron máis de 1.000 colexiados e colexiadas. Organizouse ademais un ciclo de webinar gratuíto de sete sesións ao que se inscribiron máis dun cento de persoas colexiadas. Tamén se ofreceu un curso de teleasistencia psicolóxica de xeito gratuíto ao que asistiron máis de 200 colexiados e colexiadas.

Estas formacións gratúitas foron algunhas das iniciativas de apoio ás persoas colexiadas, xunto co acceso gratuíto a unha plataforma de teleasistencia psicolóxica, segura e con todas as garantías legais, co fin de poder adaptar a actividade profesional ás restricións impostas por saúde pública. Tamén se facilitou o aprazamento da cota do segundo semestre a todas as persoas que o solicitaron e suspendeuse o pagamento da cota da Sección de Psicoloxía e Saúde (a única que ten custo) a todas as socias e socios sen que repercutise no orzamento da Sección.

## 2. Relacións coa Administración

No referente ás relacións coa Administración galega, este Colexio púxose á disposición da mesma para cooperar no que fose preciso en relación coa emerxencia sanitaria da COVID-19; unha cooperación que se materializou en diversos aspectos (dispositivo de atención psicolóxica telefónica por parte do GIPCE a través do 112, colaboración co Servizo de Saúde Mental do SERGAS, etc.), que quedou recollida na [Circular Informativa especial COVID-19](#).

Desde este Colexio e a través dun Grupo de Traballo específico con representación das Seccións, Comisións e Grupos, elaborouse o documento "[Achegas da psicoloxía á postemerxencia por COVID-19](#)", cunha argumentación única por parte do COPG ao Goberno

galego coas necesidades psicolóxicas para a abordaxe da postemerxencia por COVID-19 desde os servizos públicos. Este documento tamén se distribuíu á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e aos principais partidos políticos concorrentes ás eleccións do 12 de xullo, xa que o contido nese informe deberá ser unha prioridade da administración saínte destes comicios.

A petición da Comisión non permanente de estudo sobre a recuperación económica e social de Galicia a causa da pandemia da COVID-19 do Parlamento de Galicia, presentouse un informe sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da COVID-19 desde a nosa profesión, que se baseou en 3 puntos:

1. A importancia de **incorporar a psicoloxía** á hora de acordar e comunicar as **medidas preventivas** á sociedade para que fosen máis eficaces e evitar o sufrimento, a desafección e o esgotamento que actualmente está a sufrir a cidadanía;
2. **Reactivar o sector público** para protexer as persoas, garantindo a accesibilidade á atención psicolóxica, especialmente en contextos como a saúde mental, a educación e os servizos sociais comunitarios.
3. **Políticas no ámbito laboral**, dado que se trata dun dos ámbitos máis afectados pola pandemia (restrición de actividades, ERTes, burnout, conciliación e coidados...).

En relación coa **Consellería de Sanidade**, desde esta Administración convocouse ao Colexio para presentarlle o borrador do Plan de Saúde Mental de Galicia, e solicitou unha valoración do mesmo. Se ben o Plan chega sumamente tarde (tras once anos) e acusa eivas importantes (non recolle a implantación da psicoloxía clínica en Atención Primaria ou os servizos propios de Psicoloxía Clínica, por exemplo), é un paso importante porque a súa aplicación permitiría situarnos na exigua media estatal de especialistas en psicoloxía clínica por cada cen mil habitantes, grazas á convocatoria de 45 prazas nos próximos 4 anos. Interpretábase que se trata dun cambio de dirección que pode corrixir o total desleixo á atención á saúde mental das últimas tres lexislaturas. En calquera caso, desde o COPG continuamos reivindicando unha mellora da atención á saúde mental de calidade no SERGAS, porque este Plan é un punto de partida, pero teremos que seguir denunciando as súas carencias en defensa dunha mellor calidade asistencial.

Recentemente contactouse de novo coa Consellería de Sanidade, para trasladarlle a nosa preocupación polos niveis de malestar emocional e psicolóxico que está a experimentar a poboación e pola dificultade na accesibilidade á atención psicolóxica no SERGAS, reclamando que se reforcen as Unidades de Saúde Mental a través das listas de contratación. Ao tratarse dunha situación de emerxencia tan extraordinariamente prolongada no tempo, cunhas restricións tan severas, actualmente estamos asistindo a un incremento dos cadros de ansiedade, de trastornos adaptativos, e de agravamento daquelas persoas que xa padecían unha patoloxía psicolóxica previa. Situación da que xa se avisara desde este colexio profesional a través do informe que presentamos na Administración galega este mes de xuño, no que advertiamos que todo isto era previsible que acontecese e que os responsables políticos debían garantir a atención psicolóxica das persoas afectadas. Tamén reclamamos publicamente que se convocasen o 100% das prazas PIR acreditadas en Galicia, que son 12, e non as 7 que se veñen convocando nos últimos anos.

Así mesmo, o COPG adheriuse xunto cos demais colexios profesionais sanitarios galegos á campaña Con Sentidiño, promovida pola Consellería de Sanidade para continuar lembrando a necesidade de manter as medidas preventivas e de seguridade.

En relación coa **Consellería de Educación**, en decembro mantívose unha xuntanza co Conselleiro, Román Rodríguez González, co fin de trasladarlle a inqueda pola ausencia de atención psicolóxica nos centros de ensino a pesar desta situación tan excepcional, unha emerxencia prolongada no tempo que está a ocasionar moito malestar na comunidade educativa. De feito, no COPG estanse a recibir demandas por parte de equipos directivos, de orientación, dos concellos, que se están vendo desbordados por non poder atender temas como episodios de ansiedade e de malestar emocional entre o seu alumnado especialmente, pero tamén entre o propio persoal docente. Esta cuestión foille exposta nesa xuntanza, na que se reclamou incorporar a psicoloxía educativa aos centros de ensino, entre outros aspectos.

Coa **Vicepresidencia da Xunta de Galicia**, a través da **Dirección Xeral de Emerxencias e Interior** renovouse o convenio para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias do COPG, o GIPCE, e asinouse un específico para un dispositivo de atención psicolóxica telefónica durante o Estado de Alarma (entre o 6 de abril e o 14 de xuño) a través do 112.

Coa **Secretaría Xeral da Igualdade**, dependente da Vicepresidencia a Xunta de Galicia e desde setembro, da **Consellería de Traballo e Igualdade** renovamos un ano máis os convenios para os programas de atención psicolóxica especializada en violencia de xénero, o Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) e do Programa "Abramos o Círculo". Tamén asinamos de novo o convenio para un servizo de quenda de garda psicolóxica especializada e permanente para a intervención en violencia de xénero, á petición dos corpos e forzas de seguridade, que constitúe un importante recurso e que estamos optimizando o seu funcionamento para adaptalo mellor ás demandas que recibimos.

O COPG participa no Observatorio Galego da Violencia de Xénero. Dentro do traballo que se está desenvolvendo, integramos o Grupo de Traballo 3 (GT3): Abordaxe da violencia de xénero coa mocidade desde o ámbito educativo, que presentou a Guía de Actuación ante casos de violencia de xénero no ámbito educativo.

E tamén colaboramos co Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, da Consellería de Traballo e Igualdade da Xunta de Galicia, co que mantemos un convenio de colaboración.

No ámbito da **Política Social** continúa participando a través do Consello Galego do Benestar Social da Xunta de Galicia.

Con respecto á mediación familiar intraxudicial, os equipos de mediación continúan paralizados, e desde este Colexio continuamos demandando ás Consellerías

correspondentes que sigan cubrindo a mediación gratuíta para toda a cidadanía galega.

Continúase colaborando coa **Secretaría Xeral de Deporte da Xunta de Galicia**, onde o Colexio forma parte da Comisión Galega de Control da Violencia.

Ademais do goberno autonómico, tamén se actuou a nivel local. Mantívo-se unha xuntanza co presidente da **Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)**, Alberto Varela, na que se lle trasladou a necesidade de garantir a accesibilidade á atención psicolóxica tamén nos ámbitos máis próximos á cidadanía, como nos centros de saúde, centros educativos e servizos sociais comunitarios. No marco do convenio de colaboración coa **Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)** por quinto ano e con motivo do 25 de novembro lanzamos o cartaz co "Decálogo de Concellos #PoloBoTrato" que se distribuíu en todos os concellos galegos así como nas catro deputacións, cunha serie de recomendacións para fomentar o bo trato no ámbito da igualdade de xénero. Esta colaboración súmase ás que mantivemos este ano en materia da pandemia, coa divulgación de consellos de tipo psicolóxico tanto para o confinamento como para a desescalada.

Co **Concello de Santiago de Compostela** colaboramos en distintos eidos.

- Continúase no Consello Municipal da Saúde.
- Participamos un ano máis na campaña "Compostela en negro", para amosar o noso compromiso coa loita contra a violencia de xénero.

Co **Concello da Coruña** tamén se colabora en dous consellos municipais: por unha banda o Consello Sectorial de Inclusión Social, e pola outra, no Consello Local da Saúde.

Tamén no **Concello de Monforte**, onde formamos parte do Consello de Saúde.

### 3. Tempo da Psicoloxía

Unha das actividades presenciais que puidemos desenvolver este ano foi a segunda edición de Tempo da psicoloxía, que organizamos xunto coa Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, unha institución da que quero destacar a súa dispoñibilidade para cooperar e traballar conxuntamente e que aproveito para agradecerlle neste momento.

Esta actividade durou 4 días, 3 dirixidos ao público en xeral e un cuarto para a comunidade académica da Facultade de Psicoloxía, cun enfoque máis científico-profesional. Abordáronse as adicións no contexto online, as fendas sociais e o impacto da tecnoloxía, así como os novos modos de relacionarnos entre as persoas, ademais da terapia online.

En 2021 estase preparando unha nova edición entre o 22 e o 24 de febreiro, nesta ocasión online polas restricións impostas, baixo o título "Unha ollada á post-pandemia".

#### 4. Actualización dos Estatutos dos COPG

En relación coa actualización dos Estatutos do COPG, o proxecto foi aprobado tanto pola Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados como polo Consejo General de la Psicología. Foi presentado á Xunta de Galicia para a súa revisión, fase na que se atopa agora, e posteriormente serán publicados no Diario Oficial de Galicia, momento a partir do cal entrarán en vigor.

#### 5. Relacións con outras entidades

##### 5.1. O COPG e Consejo General de la Psicología

- A decana asistiu ás distintas reunións de Junta de Gobierno e de Junta General do Consejo General de la Psicología.
- Participación nas distintas áreas e divisións a través das persoas representantes.
- Constitución de comisións de valoración para as acreditacións profesionais que expide o Consejo General de la Psicología.

5.2. Colaboramos con **outros colexios profesionais**. Unha colaboración moi importante foi a que realizamos este ano todos os colexios profesionais sanitarios, organizando unha homenaxe a todas as vítimas da COVID-19 e aos e ás profesionais sanitarias e sociosanitarias polo esforzo extraordinario que supuxo esta pandemia. Esta homenaxe tivo lugar o 28 de xullo no Colexio de Fonseca, e nela máis dunha trintena de colexios profesionais demos lectura a un manifesto no que reclamamos fortalecer a atención sanitaria na rede pública, como garantía para poder responder ás esixencias desta emerxencia.

5.3. Formamos parte de **Unión Profesional de Galicia**, que agrupa 40 colexios e representa a máis de 65.000 profesionais. Desde 2016 a decana exerce a vicepresidencia da súa xunta directiva e tamén ostenta a representación de Unión Profesional no Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

Como cada ano, elaborou unha guía de peritos que se distribúe en todos os xulgados galegos, na que tamén se inclúe os psicólogos e psicólogas que forman parte da listaxe de periciais do COPG, así como os mediadores e mediadoras do Rexistro de Mediación do COPG.

Ademais, está a elaborar o Libro Branco das profesións galegas para a reconstrución social, económica e cultural, para o que se realizou unha contribución desde o COPG.

5.4. Mantemos tamén a colaboración coa **Universidade de Santiago de Compostela**, máis estreitamente coa **Facultade de Psicoloxía**.

Un ano máis, a Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG impartiu o Módulo de Ética e Deontoloxía para o alumnado de Practicum de 4º curso de Grao de Psicoloxía no marco dun convenio asinado polo COPG coa Facultade de Psicoloxía da USC.

5.5. Formamos parte do Movemento Galego da Saúde Mental, unha plataforma respaldada por máis de 400 entidades, profesionais e usuarios e usuarias da Saúde Mental.

5.6. Tamén colaboramos con outras entidades:

- Formamos parte da plataforma *SOS Sanidade Pública*, e estamos a participar nas súas actividades para defender unha mellor atención á saúde, incluída a saúde mental, xunto con outros colectivos profesionais.

- Colaboramos coa *Asociación Consensus*, coa que estamos participando nun proxecto europeo, PRO.VI, que analiza a atención ás vítimas de delitos, incluída a atención psicolóxica, para detectar carencias e modelos de boas prácticas, para posteriormente difundir eses modelos para tratar de incorporalos nos estados.

- Coa *Asociación de Psicólogos Clínicos do SERGAS*, con quen colaboramos estreitamente na reivindicación de melloras na atención á saúde mental no Servizo Galego de Saúde.

- Coa *Ordem dos psicólogos portugueses*.

- *Confederación de Empresarios da Coruña*, con quen mantemos un convenio de colaboración entre ambas as dúas institucións, ao abeiro do cal este ano publicamos unha Guía de Recomendacións desde a psicoloxía para o teletraballo, a través da Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.

- Coa *UNED da Coruña*, onde participamos na Feira de Emprego do Centro UNED da Coruña, un encontro no que se lle proporcionou información ao alumnado sobre as oportunidades laborais do Grao de Psicoloxía, así como as vantaxes e servizos da colexiación.

- Mantemos convenios de colaboración coa *Fundación Meniños*, coa *Federación Galega de Dano Cerebral*, *FEGADACE* e coa *Asociación Galega de Terapia Familiar*.

En canto á Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo, no que vai de ano iniciáronse 21 expedientes por intrusismo profesional.

A Comisión para a creación dunhas bases xenéricas de valoración de méritos elaborou as devanditas bases, que xa foron aprobadas na Xunta de Goberno, co fin de establecer uns criterios comúns, tanto en experiencia profesional como formativa para posibles procesos de selección ou convocatorias que nos requiran no Colexio.

## 6. Alegacións e achegas:

As máis importantes foron:

- Ao Concello do Grove, en relación á convocatoria dunha praza de psicoloxía clínica para a Unidade de Atención ás Drogodependencias, por motivo da categoría profesional.
- Contra unha resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do SERGAS pola que se convoca unha colaboración temporal dun Facultativo/a Especialista de Psiquiatría para a coordinación das actividades arredor do Plan Estratégico de Prevención do Suicidio, para o que solicitamos que se abra esa convocatoria así mesmo a especialistas en Psicoloxía Clínica.

## 7. Campaña 25N

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia organizamos e participamos en diversas actividades co gallo do Día Internacional pola Eliminación da Violencia contra a Muller, que se conmemora o 25 de novembro. En primeiro lugar, difundimos un ano máis unha declaración institucional que poñía o foco en como a pandemia agravara a situación de violencia que experimentaban moitas mulleres. Así mesmo, realizamos de forma online o acto literario "Vozes contra a Violencia", no que participaron moitas creadoras e creadores galegos, tanto do ámbito da música como da poesía, que difundimos as súas colaboracións a través das redes sociais.

Participamos na campaña En Negro contra as Violencias e reeditamos a campaña Polo Bo Trato coa FEGAMP, que xa mencionamos.

Ademais, a través do Grupo de Traballo de Psicoloxía Perinatal da Sección de Psicoloxía e Saúde e da Comisión Intersectorial de Xénero, promoveuse a iniciativa "Unha ollada sobre a violencia obstétrica: experiencia e resiliencia", que buscou sensibilizar e visibilizar arredor deste problema, e recadar testemuñas para nunha segunda etapa podermos realizar unha exposición.

## 8. Achegas da psicoloxía

Se ben estaba previsto para o mes de xuño, tivemos que aprazar o premio Dolores Llópiz, Psicoloxía e Sociedade, que recaeu na cantautora Uxía Senlle, así como o recoñecemento como colexiado de honra a Elixio Domarco Álvarez. Así mesmo, quedou pendente de entregar o recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que neste 2020 cumpriron 25 anos de colexiación ininterrompida. Estes actos terán lugar cando as circunstancias epidemiolóxicas sexan máis favorables.



## 9. Estado da colexiación

A día de hoxe somos 3.168 colexiados e colexiadas ordinarias, 3 colexiados asociados e asociadas e 32 xubilados e xubiladas.

## 10. Lema

O lema aprobado en Xunta de Goberno para 2021 é "O COPG máis cerca", co obxectivo de achegar o Colexio tanto aos propios colexiados e colexiadas, con máis iniciativas que palíen as dificultades que supón esta situación; como tamén á sociedade en xeral.

## 11. Relacións cos medios de comunicación

Ao longo do ano difundíronse as seguintes declaracións institucionais:

- Día Internacional de toma de conciencia do abuso e do maltrato na vellez.
- Día Internacional da Muller.
- Día Internacional pola Erradicación da Violencia contra a Muller.
- Condena dos asasinatos machistas cometidos en Galicia.

Difundíronse 18 notas de prensa e comunicados, se ben se incrementou notablemente a demanda de medios de comunicación para a participación de profesionais de psicoloxía en calidade de fontes expertas. Xestionáronse máis de 300 solicitudes en 2020, especialmente protagonizadas polo impacto psicolóxico da pandemia.